

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatório sobre o contido da parte común do programa de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de 15 minutos.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán 0,50 puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán 0,125 puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun X ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. Segundo o artigo 63 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, en que situación administrativa se encontra o persoal estatutario en comisión de servizos en praza da mesma categoría profesional noutro centro sanitario do Servizo Galego de Saúde:

- A) Situación de servizo activo.
- B) Situación de servizos especiais.
- C) Situación de servizos baixo outro réxime xurídico.
- D) Situación de excedencia por incompatibilidade.

2. Segundo o artigo 5 da Lei galega 3/2001, do 28 de maio, a declaración de instrucións previas pola que unha persoa manifesta anticipadamente a súa vontade sobre os cuidados e o tratamento da súa saúde nas situacións nas que non sexa capaz de expresala persoalmente, debe formalizarse:

- A) En todo caso, ante notario e coa presenza de testemuñas.
- B) En todo caso, ante notario, non sendo necesaria a presenza de testemuñas.
- C) Ante notario ou ante tres testemuñas maiores de idade e con plena capacidade de obrar.
- D) Ante calquera funcionario público.

3. Segundo o artigo 38 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, a incorporación do persoal estatutario fixo nas prazas das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde con ocasión dos procesos selectivos e de provisión realizarase, en primeiro lugar:

- A) Nas prazas básicas vacantes da respectiva categoría do cadro de persoal do centro no que tal incorporación deba realizarse.
- B) Nas prazas básicas ocupadas por persoal temporal da respectiva categoría, no centro no que tal incorporación deba producirse.
- C) Nas prazas cubertas en comisión de servizos, no centro no que tal incorporación deba realizarse.
- D) Nas prazas desempeñadas por persoal en promoción interna temporal, no centro no que tal incorporación deba realizarse.

4. Cal dos seguintes dereitos recoñecidos na Constitución Española non ten a condición de dereito fundamental:

- A) O dereito á protección da saúde.
- B) O dereito á vida.
- C) O dereito á integridade física e moral.
- D) O dereito a circular polo territorio nacional.

5. Segundo o artigo 93 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, integran o Servizo Galego de Saúde:

- A) Exclusivamente os centros, servizos e establecementos sanitarios e administrativos creados pola Xunta de Galicia.
- B) Exclusivamente os centros sanitarios creados pola Xunta de Galicia e os procedentes de transferencias.
- C) Os centros sanitarios creados pola Administración da Xunta de Galicia, os procedentes de transferencias e os establecementos sanitarios concertados.
- D) Os centros, servizos e establecementos sanitarios e administrativos creados pola Xunta de Galicia ou procedentes de transferencias, así como as entidades sanitarias de natureza pública que se lle adscriban.

6. O Parlamento de Galicia é elixido por un prazo de:

- A) Dous anos.
- B) Tres anos.
- C) Catro anos.
- D) Cinco anos.

7. Segundo o artigo 11 da Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade, son obrigas dos/das cidadáns/ás coas institucións e organismos do sistema sanitario:

- A) Cumprir as prescricións xerais de natureza sanitaria comúns a toda a poboación.
- B) Coidar as instalacións das institucións sanitarias.
- C) Responsabilizarse do uso adecuado das prestacións ofrecidas polo sistema sanitario.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

8. Os representantes dos traballadores con funcións específicas en materia de prevención de riscos no traballo denomínanse:

- A) Delegados de acción preventiva.
- B) Delegados de prevención.
- C) Delegados de saúde laboral.
- D) Delegados de seguridade laboral.

9. De conformidade co artigo 50 do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, sempre que a duración da xornada exceda de seis horas continuadas, deberá establecerse un período de descanso durante a mesma:

- A) De duración non inferior a 10 minutos.
- B) De duración non inferior a 15 minutos.
- C) De duración non inferior a 20 minutos.
- D) De duración non inferior a 30 minutos.

10. A Constitución Española propugna como valores superiores do ordenamento xurídico:

- A) A liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político.
- B) A solidariedade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político.
- C) A autonomía, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político.
- D) A liberdade, a xustiza, a igualdade e a autonomía administrativa.

Preguntas de reserva

1. De conformidade co artigo 4 da Lei galega 3/2001, do 28 de maio, o consentimento informado debe recabarse:

- A) Polo persoal de enfermaría.
- B) Polo médico designado para a atención do paciente ou polo que practique a súa intervención diagnóstica ou terapéutica.
- C) Polo persoal do Servizo de Admisión do centro sanitario.
- D) Indistintamente, polo persoal médico ou de enfermaría que interveña na atención do paciente.

2. Indique cal dos seguintes constitúe un dereito colectivo do persoal estatutario, segundo o artigo 18 da Lei 55/2003, do 16 de decembro:

- A) O dereito á acción social.
- B) O dereito ao encadramento no Réxime Xeral da Seguridade Social, cos dereitos e obrigas que diso se derivan.
- C) O dereito á libre sindicación.
- D) O dereito á percepción puntual das retribucións establecidas.